

XORNADAS

# CONVERXENCIA DIXITAL DAS INSTITUCIÓNS DA MEMORIA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
6 E 7 DE MAIO DE 2015



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

No marco do ciclo de reunións que o Consello da Cultura Galega vén dedicando ao patrimonio cultural, estas xornadas supoñen unha achega ao fenómeno da dixitalización nas denominadas “institucións da memoria”.

No medio dixital, esvaécense cada vez máis as diferenzas entre arquivos, bibliotecas e museos. Esa confluencia presenta moitas vantaxes tanto para os usuarios como para os propios centros involucrados na xestión e difusión cultural. Pero é obvio que ese proceso non deixa de constituír tamén un reto e un cambio profundo para uns e para outros.

Se o patrimonio cultural debe contemplarse como unha unidade que transcende as particularidades de cada sector, tal e como hai moito tempo que recoñeceron as normas nacionais e internacionais sobre a materia, o desenvolvemento do medio dixital e de Internet non fai senón reforzar esa visión unitaria. Primeiro, porque promoven o acceso a diferentes obxectos dixitais (que son representacións dos obxectos orixinais) que, como tales, non se diferencian moito uns dos outros, ofrecendo así a posibilidade de reconstruír virtualmente esa unidade perdida. E, segundo, porque a tecnoloxía que fai posible todo iso é, en esencia, a mesma, ou tende á converxencia para acadar a máxima interoperabilidade posible.

Por outra banda, ao carón da integración que se produce entre os produtos da dixitalización dos fondos e coleccións analóxicos, o patrimonio cultural nacido dixital, creado nun mundo xa non rexido polo paradigma da custodia en centros físicos, formula novas e interesantes cuestións desde puntos de vista tan diversos como o da súa selección, adquisición, tratamento, acceso e preservación no tempo.

Profesionais de diferentes centros e profesorado universitario español, portugués e brasileiro debaterán durante dous días como enfrontar eses retos en colaboración e supoñemos que as súas achegas serán do maior interese.

## PROGRAMA

MÉRCORES, 6 DE MAIO

SESIÓN DA MAÑÁ

10:00 horas. Inauguración

10:30 horas. Conferencia

*As implicacións das mudanzas do mundo dixital no facer dos profesionais da información*

**Miriam Vieira da Cunha**, Universidade Federal de Santa Catarina, Brasil

11:30 horas. Pausa

SESIÓN DE RELATORIOS: EXPERIENCIAS

12:00 horas

*Integración de servizos documentais e difusión web: a experiencia do Museo do Prado (2005-2015)*

**Javier Docampo Capilla**, Arquivo e Biblioteca do Museo do Prado

12:30 horas

*Arquivos nun mundo dixital: experiencia, resultados e retos do Arquivo Municipal de Girona*

**Lluís-Esteve Casellas i Serra**, Arquivo Municipal de Girona

13:00 horas. Mesa redonda

SESIÓN DA TARDE

SESIÓN DE RELATORIOS: EXPERIENCIAS

16:30 horas

*Coleccións de museos en rede: CERES e BIMUS*

**María Carrillo**, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

17:00 horas

*Os repositorios dixitais e o seu obxecto: perspectiva(s) dos estudos sobre experiencias portuguesas*

**Carlos Guardado e Luís Corujo**, Universidade de Lisboa

17:30 horas

*O cambio de paradigma ante o desafío da web: a experiencia dos arquivos aragoneses (DARA)*

**Juan José Generelo Lanaspá**, Arquivo Histórico Provincial de Huesca

18:00 horas. Mesa redonda

XOVES, 7 DE MAIO

SESIÓN DA MAÑÁ

10:00 horas

*Da institución á preservación da memoria: a mudanza sobre un novo paradigma*

**María Manuela Pinto**, Facultade de Letras da Universidade do Porto

11:00 horas. Pausa

SESIÓN DE RELATORIOS: EXPERIENCIAS

11:30 horas

*As plataformas dixitais, oportunidade (con segundas intencións) para a difusión do patrimonio cultural*

**Ciro Llucca**, Fimoteca de Cataluña

12:00 horas

*Conxelar faíscas: entre a natureza de Internet e novas formas de preservación na cultura galega*

**Manuel Gago**, Consello da Cultura Galega

12:30 horas

*A captura do dominio .eus: un reto para Ondarenet*

**Francisca Pulgar Vernalte**, ONDARENET, Euskadi

13:00 horas

*ARPAD: o Proxecto de Arquivo Dixital Integrado da Xunta de Galicia*

**Mar García Miraz**, Xunta de Galicia

13:30 horas

Mesa redonda

**ORGANIZA:**

Consello da Cultura Galega. Sección de Patrimonio e Bens Culturais

**COMITÉ CIENTÍFICO:**

Pedro López Gómez  
Lourdes Pérez  
Bieito Pérez Outeiriño  
Gabriel Quiroga Barro  
Concepción Varela Orol

**LUGAR DE REALIZACIÓN:**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205  
difusion@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Inscripción:**

A inscrición é gratuíta no sitio web [www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás Xornadas.  
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

**Máis información:**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205